

Trátase da última das teorías que prognostican un desastre no planeta

A comunidade científica non é unánime respecto á ameaza do cambio climático

H. VIXANDE

A noticia da pasada Semana Santa foi a aprobación por parte da ONU dun informe contra o quecemento global do planeta e o cambio climático. Como antes coa capa de ozono que non chegou a desaparecer, a ameaza que pende agora sobre o mundo son os gases que provocan o efecto invernadoiro. Entre os investigadores, porén, non hai consenso.

O seis de abril o Panel Intergobernamental do Cambio Climático da ONU aprobou en Bruxelas un documento que advirte de que a acción do home causará un cambio do clima que implicará aumentos da temperatura de entre 1,5 e 2,5 graos, a suba do nivel do mar e a desaparición do 30% das especies do planeta.

O informe da ONU relaciona de forma directa o cambio climático e os gases invernadoiro, os mesmos que eran responsables dunha diminución da capa de ozono no Polo Sur que finalmente só foi temporal.

Ao tempo que se produce unha alarma arredor do cambio climático e se tomaron unha serie de medidas para diminuír a emisión á atmosfera de gases invernadoiro, está en marcha unha campaña de promoción da enerxía nuclear, xa que o cambio do clima coincide co esgotamento dos combustíbeis sólidos, nomeadamente o petróleo. Nesta campaña non só participa a industria nuclear. Destacados científicos como a bióloga Susan Hockfield, presidenta do Instituto Tecnolóxico de Massachusetts, apoia a mesma opción aínda que por razóns matizadas. Para a investigadora americana a enerxía nuclear é unha solución parcial que debe compatibilizarse con outras, pero sinala que "dá igual se cres ou non en que o quecemento global ten a súa orixe na acción humana: o ritmo ao que

aumenta o CO₂ na atmosfera é inostíbel".

O cambio climático figuraba na agenda da política internacional dos últimos anos e fora motivo da celebración do Cumio de Kioto para tratar de poñerlle freo. Mais esa iniciativa fracasara parcialmente porque os Estados Unidos non se sumaran ás medidas de contención das emisións que provocaban o quecemento do planeta. No entanto, nesta ocasión houbo máis consenso entre os países. A decisión de aprobar o informe estivo precedida da estrea cinematográfica da película dirixida polo ex vicepresidente americano Al Gore, *Unha verdade incómoda*.

O filme do tamén ex candidato a presidente dos Estados Unidos débuxa un panorama inquietante e agoira centos de millóns de mortes a consecuencia dos efectos do cambio no clima do planeta. A película, ademais, conseguiu un premio Oscar de Hollywood.

Discrepancias científicas

Mais se *Unha verdade incómoda* conseguiu un éxito de crítica e público, ademais da anuencia da clase política mundial, entre os científicos non suscitou tanta unanimidade.

Existen sólidos documentos científicos que avalan a rotundidade dos agoiros máis pesimistas. O mesmo informe do Panel

GALICIA

El cambio climático permitirá duplicar la producción de vinos y mejorar su calidad

«Buenos vides que la calidad de la uva mejora cuando la temperatura sube y la humedad aumenta»

«Con mayor temperatura se ampliarán las zonas de cultivo»

«La uva tendrá más tiempo para madurar y ganará calidad»

«Será posible introducir variedades de otros países»

«¿Cómo repercutirá el efecto invernadero en Galicia?»

La próxima de Faro de Vigo (15 de abril) aventúranse as consecuencias que o cambio climático terá sobre a agricultura e algúns produtos de supermercado.

xico de Massachusetts aínda que si manifestan a súa convicción de que o cambio climático se debe ao quecemento do planeta, tamén recoñecen que hai científicos que non relacionan o efecto invernadoiro coa emisión de gases do CO₂ á atmosfera. Susan Hockfield advirte que en todo caso a emisión de gases derivados do carbono ten ademais outras consecuencias negativas.

Quecemento do planeta

Sobre o quecemento do planeta hai dous aspectos básicos. O primeiro ten que ver coa verificación dese quecemento e o segundo coas súas causas. En ningún dos dous casos hai acordo. Os rexistros climáticos que existen carecen de datos máis atrás de douscentos anos e un espazo temporal tan breve non permite determinar que ciclos operan no clima do planeta porque estes duran moito máis tempo. Ademais, existen grupos de científicos que negan un ascenso da temperatura. A Coalición Neocelandesa da Ciencia do Clima afirma que en 2006 os graos rexistrado non son máis altos que en 1800.

A marxe de quen teña razón, non hai unanimidade. Iso significa que tampouco hai coincidencia en canto as causas do cambio climático, no caso de que se estea a producir. O xefe do Centro Internacional de Investigación do Ártico, Syun-ichi Akasu, sinala que "o Ártico sempre se expandiu e contraeu. Mais a prensa vén aquí e preguntanos: dirá algo sobre o desastre do efecto invernadoiro? E eu digo: non hai desastre".

A cen anos da catástrofe

Entre as conclusións que tira o Panel Intergobernamental do

Continúa na páxina seguinte



Redacción: Xan Carballea, Manolo Vega, Herxio Vixande, César Lorenzo Gil, Mar Barros, Rubén Valverde, Paco Vila Barros (Fotografía), Perfecto Conde.

Edicións Especiais: Xosé Enrique Acuña.

Desenho de Maqueta: Xosé Taboada.

Coordenación Humor Gráfico: Picho Suárez.

Colaboradores: GAMA: Bieito Iglesias, X.L. Franco Grande, Abelardo Vázquez, X.L. Muínoz Portabales, Martina F. Baniobre, X.C. Garrido Couceiro, X.M. Sanlle, Miguel Barros, Xosé Veiga, Mª Pilar García.

Editor: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

Presidente: Xosé Fernández Puga.

Vogais: Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé Mª Dobro, Manel Mera, Manuel Veiga, Xan Carballea, Miguel Barros e Bieito Alonso.

Secretario: Xan Piteiro.

Director: Alfonso Eiré López.

Negro, VM. Vázquez Portomene, A. Gato Soengas, Suso de Toro, Lois D'Aguez, Antón Grande, Xosé López, Manuel Lagris, Xosé M. Anel, Manuel Rivas, Carlos Americh.

SOCIEDADE: X. Vázquez Pintor, Xavier Queipo, Henrique Harguindé.

ECONOMÍA: Manuel Cao, X.F. Pérez Ota, Xosé García.

PINISULA: G. Nuno de Faria, Manuel Louzao, Daniel Álvarez, A. Maqués.

MUNDO: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, Gustavo Luca de Tena, Ignaciu Ramonet, Ramón Cho.

DEPORTES: Xurxo G. Ledo.

CULTURA: Ramiro Fonte, Vitor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Carme Vidal, Celso

López Pazos, X.M. Fiyé Val, Xesus Piñeiro, Manuel Vilar, Lope Gómez, Xavier Senceno, Adolfo Boado, Xosé Freire, Marcos Valcárcel, Redolite Dacuña, Xosé González Gómez, Gonzalo Vilas, Franck Meyer, Héctor Mera Herbello, Xosé M. Buxán Bran, Martí Dacosta, Xosé Valmas, Damián Villalón, Xerardo Pardo de Vera, José Vialle Mourido.

FIN DE SEMANA: Francisco Carbal o, Marga Romero, César Varela, Francisco A. Vidal, Rudesindo Setubal, Irmandades de Vindos, Xosé Miranda.

LEON: Xosé Vazromend Cid.

ÚLTIMA PÁGINA: X.R. Pousa, X.A. Gacino, Iñar Alonso, Manuel Cidras.

Fotografía: Xosé Mera.

Ilustracións: Xosé Luis, Pepe Carreira, Carlos Silva, Gonzalo Vilas, Suso Santamarín, Ana Piliado Vega, Herxo, Garrachá, Uxía e Brais, Ró Gallego.

Xefe de Publicidade: Carlos Martínez Muñoz publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración: Blanca Costas

Subscripcións: Lolo Fernández Puga subscripciones@anosaterra.com

Redacción e Administración: Príncipe 22, baixo, 36202 Vigo, Apartado 137 - 36200 Vigo

Edición Electrónica: info@anosaterra.com

Telefonos: Redacción: 986 433 886 - 222 405. Fax: 986 223 101.

Correo Electrónico: info@anosaterra.com

ADMINISTRACIÓN, SUSCRIPCIÓNS e PUBLICIDAD: 986 433 830

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 0213-3105.

Vén da páxina anterior

Cambio Climático está o aumento da temperatura media do planeta, a desaparición do xeo dos pólos da Terra e o aumento do nivel do mar. Sobre o número de metros que se elevará tampouco hai acordo, pero os científicos que avalan esta teoría fixeron prognósticos que agoiran unha verdadeira catástrofe dentro de cen anos. Eses mesmo científicos indican que nunca nun período de tempo tan curto se producirá un cambio tan significativo no clima e no panorama do planeta por un proceso endóxeno, derivado da dinámica interna do mesmo. Precisamente este prognóstico provoca unha dúbida: se non houbo nada semellante antes, como se pode debuxar un modelo de cambio climático sen poder comparalo cos modelos dos cambios anteriores?

Doutra banda están as posibilidades reais de actuación. Non existe unha cuantificación económica unánime sobre o esforzo e os investimentos que hai

que realizar para que as emisións de gases invernadoiros decten o cambio climático. Thomas Schelling, premio Nobel de Economía en 2005, considera que en todo caso terán que pasar máis de dez anos para que as autoridades dos distintos países poñan en marcha medidas eficaces para combater o cambio climático.

Este premio Nobel de Economía en 2005 considera que o custe do cambio climático será moi superior que os esforzos que se realicen para evitalo, pero tampouco no campo da economía hai unanimidade.

O economista catalán que exerce a docencia nos Estados

Unidos, Xavier Sala, considera que o mundo non pode investir anualmente durante cent anos o 1% do PIB para loitar

Existen grupos de científicos que negan que se estea a producir un cambio do clima, mentres outros afirman que non se debe á acción do home.

contra o cambio climático porque só se conseguirían atrasar os seus efectos seis anos.

Nunha liña parecida ao anterior manifestase o historiador Henry Kamen, que lembra que o Goberno británico prepara un plano para reducir un 30% as emisións de CO₂ en 2020. Porén, Kamen sinala que hai un informe científico que indica que na

práctica só se conseguirá unha redución do 12% das emisións "o que en termos prácticos significa pouco máis que nada".

Economistas e historiadores

Os economistas e historiadores que non confían na teoría do cambio climático sinalan a falta de unanimidade no campo da ciencia sobre a existencia ou non do cambio climático e a responsabilidade que poda ter no mesmo a acción humana. De todas as formas, prefírense facer fincapé nunha cuestión fundamental: o onerosa que resulta a loita e a imposibilidade de frear o cambio climático no caso de que sexa verdade que se estea a producir.

A autentica redución da emisión de gases que producen o efecto invernadoiro só é posible coa desaparición do petróleo como combustible. O mundo non está preparado para afrontar esta continxencia, aínda que as reservas deste hidrocarburo son limitadas e non alcanzarán máis dun século. Se desaparecese o petróleo de súpeto, a parálise do mundo sería total.

A industria automobilística

xa está a investigar alternativas ao petróleo que sexan respectuosas co medio ambiente. O paulatino aumento no prezo do cru facilitarará o tránsito ás enerxías alternativas. Entre tanto, algúns científicos e sobre todo enxeñeiros están a defender unha alternativa temporal: a captura do CO₂ que se emite á atmosfera para confinalo temporalmente na terra e evitar que siga a quecer o planeta. De momento, trátase dunha posibilidade unicamente teórica que está moi lonxe de ser unha alternativa. É mais, para cando esta madura esa tecnoloxía será o momento no que o petróleo estea a un paso de esgotarse e, en consecuencia, cando xa non sexa necesaria.

Outra cuestión é que o tempo que lle queda ao petróleo como principal combustible non vai máis aló de cen anos. Este período a escala planetaria é moi curto, quizais demasiado como para que o cambio climático poda ter efecto. ♦

A creación dunha conciencia ambiental que antes non existía

Á marxe da polémica sobre a veracidade do cambio climático, a responsabilidade do ser humano na súa orixe e as posibilidades de detelo, hai unha consecuencia directa do debate que é a creación dunha conciencia medio ambiental que poderá ou non incidir na redución dos efectos dos gases invernadoiros, pero que será moi útil para abordar atrancos locais que teñen directamente que ver con algúns graves problemas ecolóxicos que padece a nosa sociedade.

Mais a teoría do cambio climático non é a primeira que agoira un destino fatal para o planeta ou para a humanidade. En realidade, cando comezaron os traballos preparatorios para o Cumio de Kioto, o obxectivo inicial era de-

A alarma xerada coa gripe aviaria foi tal que o mesmo Goberno español rematou gastando cen millóns de euros na adquisición do medicamento Tamiflu para atallala. O Tamiflu é un antiviral cuxa eficacia ante a gripe aviaria se descoñece porque non existe esta epidemia nos humanos, pero a presión mediática fixo que o Ministerio de Sanidade comprase millóns de doses que de momento nin sequera a farmacéutica suíza que o fabrica lle subministrara.

Tras a alarma, os científicos remataron por recoñecer que unha epidemia moi virulenta de gripe aviaria é imposible por razóns relacionadas coa supervivencia do virus. Se un microorganismo é demasiado virulento mata moi rápido ás súas vítimas e o virus deixa de propagarse, de modo que para que a epidemia sexa extensa ten que ser pouco virulento ou ter un proceso de incubación moi longo, como no caso da SIDA.


Outra ameaza temporal e recorrente é a caída na terra dun meteorito, pero apenas chega para ocupar un par de páxinas interiores dos xornais, aínda que grazas a iso haxa un proxecto europeo para interceptalos.

Comunión de intereses

Mais o cambio climático móvese cunha dinámica diferente e pode permanecer na axenda dos medios de comunicación máis tempo que as catástrofes anteriores. A razón é que se trata dunha ameaza global cuxo estudo require a participación de investigadores de todo tipo. Até o momento, as catástrofes pronosticadas polos científicos estaban relacionadas con aspectos da ciencia moi

A competencia entre os científicos en conseguir financiamento para as súas investigacións vai en detrimento da calidade do seu traballo.

Un exemplo disto último foi a ameaza dun eventual contaxio ao humanos da gripe aviaria. Tras varios anos de epidemia no sueste asiático, algúns científicos comezaron a barallar a posibilidade de que unha mutación desta cepa saltase aos humanos e que se dese unha epidemia moi virulenta que causase milleiros ou millóns de vítimas.



Manifestación contra a celulosa de ENCE en Pontevedra.

PACO VILABARRCOS

particulares: a bioloxía e a farmacia no caso da gripe aviaria, a meteoroloxía no do buraco da capa de ozono e a física e a tecnoloxía espacial no do meteorito.

A competencia entre científicos para conseguir financiamento para as súas cada vez máis caras investigacións é motivo de que magnifiquen os riscos que corre a humanidade en relación co campo de estudos ao que se dedican, por iso tamén compiten entre eles para desacreditar as teorías dos demais ou para dar máis relevancia ás ameazas que cada grupo estuda. Co cambio climático hai espazo para todos porque se trata dun problema tan

complexo que a investigación interdisciplinaria é moi necesaria.

Doutra banda está a cuestión política. A ameaza é o suficientemente difusa para que os Gobernos a prefíran a outras máis concretas como a gripe aviaria. Mais, en todo caso, implicou que se sumasen á corrente que propaga o perigo deste problema e en consecuencia amosáronse dispostos a afrontar situacións ambientais que até o momento eran tabú. Quizais sexa esta a única forma de aproveitar a conxuntura e loitar para que se sanee o noso medio ambiente máis próximo.

Entre tanto, e como aspecto positivo, está a nacer unha indus-

tria ambiental no noso país que vincula a creación de valor coa economía sostible. Un exemplo é a xeración de enerxía eólica e a investigación e produción de muíños a cada máis eficaces. Outro é o aproveitamento da biomasa forestal para outras enerxías alternativas. Porén, non se deron pasos para botar a andar unha industria ambiental destinada a corraxir ou a impedir os efectos negativos das actividades máis contaminantes, mais as iniciativas nas enerxías alternativas indican que ese será outro dos camiños que se iniciará en breve e en consecuencia, crearanse máis postos de traballo relacionados coa sostibilidade. ♦